



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: A Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, en perspectiva: balance e primeiras interpretacións

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade contable das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	12
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	ANULADO	ANO:	2018
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	C.MONOGRÁFICO	EDICIÓNS:	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O 9 de novembro de 2017 publicouse no BOE a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Ademais da transposición das citadas directivas, a lei establece un novo marco regulador do sistema de contratación pública, con vocación de ser máis eficiente, transparente e íntegro, e mellorar as condicións de acceso ao mesmo facilitando, en particular, a participación das pemes.

Coa celebración deste curso perséguese os obxectivos de analizar as principais modificacións introducidas pola lei e propiciar o debate arredor daqueles aspectos máis innovadores e relevantes desde o punto de vista xurídico e da xestión pública.

DESTINATARIOS

Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local e de xustiza, dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma, das universidades do Sistema universitario de Galicia, profesionais e persoas interesadas en xeral.

PROGRAMA

POR CONFIRMAR

Neste curso monográfico serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

- Bo goberno, integridade e transparencia na contratación pública.
- A nova regulación da chamada Responsabilidade Patrimonial da Administración (RPA) nos contratos de concesión.
- Ámbito de aplicación da lei, as consecuencias da translación das directivas e valoración xeral da reforma.
- A contratación nos sectores excluídos.
- Actuacións previas, procedemento de adxudicación e encargo a medios propios.
- O recurso especial en materia de contratación.
- Contrato de concesión de servizos e contrato de prestación de servizos aos cidadáns.
- Réxime de modificación dos contratos.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Terá preferencia na selección o persoal empregado das administracións públicas de Galicia e o número de orde establecerase de acordo coa data e hora de presentación das solicitudes.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Excepto as persoas que pertencen á Administración autonómica ou á Administración de xustiza, todos/as os/as solicitantes deberán enviar un correo a novas.egap@xunta.gal, achegando, no seu caso, a certificación acreditativa da súa condición de persoal empregado público e do grupo e/ou categoría á que pertencen. Esta certificación será expedida pola persoa que realice as tarefas de certificación da Administración na que preste os seus servizos. Serán excluídas aquelas solicitudes de persoal empregado público que non acompañen dita certificación ou que sexa recibida con posterioridade ao último día habilitado para a inscrición, isto é, 12 de decembro de 2017.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 06/11/2018 a 07/09/2018

NUM. PRAZAS: 386

ESTADO: NORMAL

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE